

Todos e todas contra a velutina

A asociación “Os Abelleiros” de Ribadeo colaborou novamente co IES Ribadeo Dionisio Gamallo, impartindo a conferencia “Todos e todas contra a velutina”.

Comezou **Antonio Valea**, secretario da asociación, explicando as características da avésa asiática e como distinguila doutras especies semellantes. A continuación, o presidente **Marcos Villamil**, centrouse en amosar as distintas trampas e líquidos atraentes que se empregan na loita contra ela. E finalmente, os dous xunto con **Jesús Rodríguez**, trataron de sensibilizarnos da importancia de loitar contra esta invasora que non só pon en perigo ás nosas abellas senón tamén ós nosos ecosistemas.

Precisamente a partir de marzo, ó comezar a saír as raíñas, é cando se debe iniciar o trampeo para capturalas. Por iso, o alumnado de 1º ESO e 3º PMAR, dedicarán algunha clase de bioloxía a construír trampas con botellas de plástico e preparar o atraente con auga, azucre e lévedo. Algunha desas trampas instalárase no xardín do Instituto pero a finalidade última é que cada alumno ou alumna se responsabilice dunha que colocará nas inmediacións da súa casa.

O curso pasado, xusto antes do confinamento, xa fixéramos esta actividade e para animar a participar convocamos un concurso cun premio moi doce que se entregou ó final da conferencia. A alumna **Uxía Fernández Díaz, de 2º ESO B, foi a gañadora** recibindo como agasallo 2 tarros de mel e un libro titulado “Apicultura para principiantes” dedicado polos Abelleiros.

Noraboa a Uxía e tamén a súa nai Oliva que sabemos foi gran colaboradora en tantas capturas e tamén na gravación de interesantes vídeos que lle mandaban á profesora de bioloxía Ana Rodríguez. **Parabéns tamén a tódolos membros da Comunidade Educativa** que se sumaron á iniciativa porque entre todos e todas conseguimos capturar centos de raíñas de avésa asiática aportando así o noso gran de area á loita contra a velutina e **o noso agradecemento a Antonio, Marcos e Jesús por dedicarnos parte do seu tempo.**

Para quen non puido escoitalos e quere sumarse á loita, adxuntamos tres cousas: [as características para distinguir a avésa asiática](#), [como facer unha trampa caseira](#) e a [fórmula para facer o atraínte para as raíñas](#).

Animádevos a trampear, dende esta semana está aberto o concurso para ver quen captura máis raíñas de avésa asiática e o gañador ou gañadora, volverá ter un **importante e doce premio!!!**